

Fron da


Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 57

ano 9

marzo-abril 2015

Franciscanos e clarisas en Ourense (I) FONDOS DOCUMENTAIS DA ORDE FRANCISCANA



O 29 de xullo de 1286 o rei **Sancho IV** outorgaba na cidade de Ourense un privilexio no que autorizaba a fundación do Convento de **Santa Clara de Allariz**:

... nos don Sancho ... por ruego de la reyna doña Violante, nuestra madre, tenemos por bien e mandamos que aya monesterio de donas de la orden de Santa Clara en Allaris e otorgamos ... aquel lugar do ellas han de faser el monesterio...

Este e outros **documentos fundacionais** das clarisas de Allariz que se conservan no Arquivo Histórico Provincial de Ourense reflicten os pasos seguidos para a creación dun convento destas características: privilexios reais, doazóns e compravendas coas que as monxas adquiriron o soar para levantar a casa conventual e outros bens raíces destinados a xerar ingresos para a subsistencia da comunidade. As fundacións de **Clarisas**, rama feminina dos **Franciscanos**, presentan disparidades coa rama masculina que non podía recibir doazóns patrimoniais nin señorío sobre vasalos, a diferenza das ordes monásticas de bieitos e cistercienses.

Como di o privilexio de Sancho IV, a fundación de Allariz fora promovida pola raíña **dona Violante**, quen

establecera lazos afectivos con esta vila ourensá durante as estadias nela co seu marido **Afonso X** o Sabio. Foi a segunda fundación clarisa de Galicia, despois da de Santiago de Compostela, e con ela dona Violante tamén quixo favorecer a Orde Franciscana coa que mantiña estreitos vínculos.

Afirmase que, tras enviuvuar, a raíña residiu en Allariz para impulsar a fundación. No seu último testamento manifesta a intención de profesar no convento e pide que o seu cadáver sexa sepultado no altar da igrexa. Santa Clara de Allariz mantivo un estreito vínculo coa Coroa de quen recibiu moitas mercés ao longo da súa historia. Foi o convento preferido pola **nobreza local** para recluír as fillas excluídas do matrimonio nas súas estratexias familiares e dende o século XV a única casa relixiosa feminina da diocese de Ourense.


1286, xullo, 29. Ourense

Privilexio de Sancho IV polo que autoriza a fundación do Convento de Santa Clara de Allariz (traslado notarial do 17 de agosto de 1615)

Copia; papel, escritura humanística, castelán; 20,5 x 30,5 cm
AHPOu, Santa Clara de Allariz, libro 47, fol 366 v.-367 r.

Franciscanos e clarisas en Ourense

Ainda que a tradición lle atribúe a San Francisco de Asís a fundación dun convento da súa Orde en **Compostela** coincidindo coa súa suposta peregrinación á cidade do apóstolo arredor do ano 1115, o certo é que a presenza franciscana nesa cidade non se documenta ata a segunda década do século XIII. O convento compostelán converteuse nun dos máis importantes da Península Ibérica, e dende el os franciscanos expandíronse por vilas e cidades do Noroeste peninsular.



Doazón que fixo a raíña dona Violante ás clarisas de Allariz en 1295 AHPOu, Convento de Santa Clara de Allariz, Carp. 6/25

A mediados do século XIII construían a súa primeira igrexa na cidade de **Ourense** e a finais desa centuria as clarisas establecíanse en **Allariz**. Durante o século XIV documéntase a aparición dos franciscanos nas vilas de **Monterrei** e **Ribadavia** e en 1529 fúndase o convento do **Bo Xesús da Limia** (Trandeiras-Xinzo de Limia), o único situado no rural. Os franciscanos foron a **orde mendicante** con maior número de casas e frades no territorio da actual provincia de Ourense.

Unha espiritualidade renovada

O exemplo de vida de San Francisco (1182-1226), fundador da **Orde dos Frades Menores** (Primeira Orde Franciscana) a principios do século XIII, espertou moitas **vocacións** que multiplicaron con rapidez o número de conventos da orde. Francisco, xunto con Clara de Favarone (1194-1253), os dous de **Asís**, crearon en 1212 a rama feminina ou **Segunda Orde Franciscana**; se ben estas monxas acabaron sendo coñecidas como **Clarisas**, en referencia a Santa Clara, a fundadora.

A **nova espiritualidade** que introducen as primeiras ordes mendicantes (franciscanos e dominicos) dende principios do século XIII recuperaba a esencia do Evanxeo. Predicaban un cristianismo máis humano, sinxelo e humilde que, ao conectar coas aspiracións da relixiosidade laica do seu tempo, lles dispensaba unha gran acoillida popular. A regra franciscana limitaba a posesión de bens dos conventos porque os frades debían vivir como pobres, subsistindo coas **esmolas** que mendigaban e da celebración das **misas** que lles encargaban os fieis.

Implantación no ámbito urbano

A diferenza dos **monxes** bieitos e cistercienses que habitaban en mosteiros rurais, os franciscanos estableceron os seus conventos en vilas e cidades e procuraron o contacto constante coa xente a través da **predicación** e o confesionario. Isto deulles unha grande influencia social. Así, coa creación da **Venerable Orde Terceira** en 1221 estableceron lazos moi estreitos cun inmenso número de segrares que desexaban vivir segundo os ideais do santo de Asís e colaborar cos frades en actividades pia-dosas e asistenciais.

Os fondos da Orde Franciscana no Arquivo Histórico Provincial de Ourense

A maior parte do legado documental franciscano preservado no AHPOu procede de **Santa Clara de Allariz** xa que o dos restantes conventos é fragmentario e de pouco volume, cando non inexistente como no caso do convento de **Monterrei**. A diferenza do que aconteceu cos arquivos doutras ordes relixiosas, parece ser que os delegados da Desamortización abandonaron os documentos nos conventos, onde acabaron podrecendo.

Como os ingresos dos **conventos masculinos** procedían maioritariamente de esmolas e misas, a documentación que destes se conserva no AHPOu ten que ver con ese tipo de ingresos e con contabilidades nas que anotaban todos os gastos da comunidade. Ademais este arquivo garda documentos de conventos non ourensáns, como os dos franciscanos de **Santiago de Compostela** e **Melide** referidos a rendas que esas casas percibían de granxas emprazadas no territorio da actual provincia de Ourense.

As **clarisas** facían vida de clausura e, xa que non podían mendigar esmolas nin celebrar misas como os varóns, tiñan permitido posuír un patrimonio inmobiliario que lles producise rendas para o sostemento da comunidade. De aí que a maior parte dos documentos que conservamos das monxas de Allariz estean relacionados coa **titularidade, xestión e defensa dese patrimonio**, así como coa percepción das rendas da terra xeradas por ese patrimonio. No AHPOu tamén se conservan algúns papeis das **clarisas de Santiago de Compostela**.